

A Historia da Arte na sociedade en rede: Novos retos, novos perfís

Guillermo Solana, Director artístico Museo Thyssen-Bornemisza

19.30h

Museos e redes sociais



Conversa entre Marta Lorenzo (Community manager en museos) e Guillermo Solana (Thyssen-Bornemisza)

20.00h

A Historia da Arte na sociedade en rede: Novos retos, novos perfís



Guillermo Solana, Director artístico Museo Thyssen-Bornemisza

Salón nobre do Colexio de Fonseca. USC

Entrada libre ata completar aforo

+ Info:



apha g



@SehaGalicia #SolanaSehag



seccionhistoriadaarte@gmail.com

Colabora:



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



FACULTADE DE XEOGRAFÍA
E HISTORIA

A Historia da Arte na sociedade en rede. Novos retos, novos perfís

Martes 18 de marzo - A partir das 19:30 h.

Salón Nobre. Colexio Fonseca. USC - Santiago de Compostela


En plena era da comunicación, a historia da arte debe reformular a maneira de facer chegar ao público os seus estudos e investigacións. É necesario reflexionar sobre a conveniencia de redefinir a forma de transmitir os discursos e dunha precisa revisión dos contidos. Adaptar ou redefinir, cambiar o formato ou tamén os contidos, suma ou susbtitución, son algunhas das claves que nos axudarán a entender como difundir o patrimonio artístico na sociedade dixital.

O vindeiro 18 de marzo trataremos de analizar estas novas circunstancias cun encontro entre Marta Lorenzo, *community manager* en museos, e Guillermo Solana, director artístico do Museo Thyssen-Bornemisza, baixo o título de Museos e redes sociais. Acto seguido o Dr. Solana impartirá unha charla na que, en base ao seu proxecto *#Thyssen140*, dará resposta a estas e outras cuestións: como achegar os contidos da historia da arte a unha nova sociedade da comunicación, da interconexión en rede, cales son eses novos perfís e que relación teñen cos anteriores. En definitiva, cales son os retos aos que dar solución.



**Guillermo
Solana**

Doutor en Filosofía e Profesor Titular de Estética na Universidade Autónoma de Madrid. Foi crítico de arte e autor de diversas publicacións sobre historia da crítica. Dende o ano 2005 desempeña o cargo de director artístico do Museo Thyssen-Bornemisza, onde comisaría, entre outras exposicións “*Van Gogh: los últimos paisajes*” (2006), “*Lágrimas de Eros*” (2009), “*Heroínas*” (2011), “*Antonio López*” (2011), “*Pissarro*” (2012), así como a exposición actual no museo, “*Cézanne site/non-site*”.



**Marta
Lorenzo Jáudenes**

Historiadora da arte pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Mercado da Arte e empresas relacionadas pola Universidade Antonio de Nebrija. Traballou na Galería Soledad Lorenzo e coordinando proxectos en *LaAgencia. Arte + Tecnología*, entre eles, a organización de tres edicións do Premio ARCOmadrid/BEEP de Arte Electrónica. Ademais, ten participado como *Guest Blogger* na plataforma online ARCO Bloggers, dentro do programa da Feira ARCOmadrid, sendo o seu post “*¿Cómo acercarse al arte contemporáneo?*” o máis lido de toda a plataforma. Na actualidade, escribe como *blogger* no blog de Laboral Centro de Arte e Creación Industrial (Xixón) e é colaboradora no Departamento de Programas Virtuais do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía como *Community Manager*.

En canto ao seu blog, *My Art Diary*, nace coa idea de aportar unha visión distinta e fresca das exposicións de arte contemporánea e achegar, dunha maneira amena e sinxela, o apaixonante mundo da Cultura 2.0